



# **CONCELLO DE MESÍA (ACORUÑA)**

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001–Fax687069

exp. 2022/G010/000006

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 7 DE OUTUBRO DE 2022**

### **ALCALDE**

D. Mariano Iglesias Castro.

### **CONCELLEIROS/AS:**

PSdeG-PSOE:

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Manuel Blanco López.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

PP:

D. Jesús Mosquera Manteiga.

BNG:

D<sup>a</sup> Beatriz Louro López.

### **Non asisten e se escusan:**

PSdeG-PSOE:

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

D. José Fernando García Lesta.

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

D. José Bello López.

### **SECRETARIO - INTERVENTOR :**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 7 de outubro de 2022, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reúnen-se, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

### **1. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 5 DE AGOSTO DE 2022.**

Pregunta o Sr. Alcalde se por parte dos concelleiros se quere formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión sinalada no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, queda aprobada a acta por unanimidade dos membros presentes.

---



# CONCELLO DE MESÍA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001–Fax687069

exp. 2022/G010/000006

Pide a palabra o Sr. Mosquera para felicitar ao Sr. Alcalde pola subsanación das deficiencias do viario da AC-223 ás Barreiras que solicitou na última sesión plenaria.

## 2. NOMEAMENTO DA SECRETARÍA DO XULGADO DE PAZ. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

*“D MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, visto o artigo 50.3 da Lei 38/1988, de 28 de decembro, de Demarcación e de Planta Xudicial, que establece: “Nos demais Xulgados de Paz, o Concello nomeará unha persoa idónea para o desempeño da Secretaría e o comunicará ó Ministerio de Xustiza para a súa aprobación.”*

*Resultando que por acordo do Pleno, de 1 de abril de 2016, nomeouse a dona Carmen Pilar Blanco Villares, con DNI núm. 32805576D, administrativa deste concello, como Secretaria do Xulgado de Paz de Mesía.*

*Visto que por Decreto de Alcaldía 313/2021, de 19 de agosto, debido a que dona Carmen Pilar Blanco Villares causou baixa por enfermidade en data 20/08/2021, noméase, accidentalmente, dende o 20 ao 26 de agosto de 2021, para o posto de Secretario do Xulgado de Paz de Mesía, a don Eladio Bendaña Pardo, Secretario do Concello de Mesía.*

*Visto que por Decreto de Alcaldía 319/2021, de 26 de agosto, noméase, accidentalmente, debido a que a titular segue de baixa, para o posto de Secretaria do Xulgado de Paz de Mesía, a dona María José Sesmonde Quintero, axente de emprego do Concello de Mesía, posto que veu desempeñando dende entón.*

*Visto que a titular, dona Carmen Pilar Blanco Villares, solicitou e concedéuselle por este concello a situación administrativa de excedencia voluntaria por interese particular, e estimándose como persoa idónea para o posto de Secretaria do Xulgado de Paz de Mesía a dona María José Sesmonde Quintero.*

*De conformidade co artigo 50.3 da Lei 38/1988, de 28 de decembro, de Demarcación e Planta Xudicial, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- Cesar a dona Carmen Pilar Blanco Villares, con DNI 32805576D, como Secretaria do Xulgado de Paz de Mesía.*

*Segundo.- Nomear para o dito posto a dona María José Sesmonde Quintero, con DNI núm. 78798945W, axente de emprego deste concello.*

*Terceiro.- Dar conta do presente acordo á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e á Secretaría do*



# CONCELLO DE MESÍA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001-Fax687069

exp. 2022/G010/000006

Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Mesía, 1 de outubro de 2022 Asdo.Asdo.- Mariano Iglesias Castro”

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

### **3. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DE INCLUSIÓN E APOIO ÁS SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE MESÍA.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

*“A presente Ordenanza ten a pretensión de regular debidamente as condicións de acceso da veciñanza de Mesía ás prestacións das axudas de emerxencia social, para atender situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social, no marco legal da Constitución, a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento e a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.*

*É por isto polo que, de conformidade cos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réximen local, proponse ó pleno a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a ORDENANZA REGULADORA DE INCLUSIÓN E APOIO ÁS SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE MESÍA, que se transcribe como anexo do presente acordo.*

*SEGUNDO: Proceder ao trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.*

*TERCEIRO: Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.*

MESÍA, na data da sinatura electrónica. O Alcalde, Asdo./ Mariano Iglesias



# CONCELLO DE MESÍA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001-Fax687069

exp. 2022/G010/000006

Castro.

## **ORDENANZA REGULADORA DE INCLUSIÓN E APOIO ÁS SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE MESÍA**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*Os poderes públicos deberán asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares.*

*Sinala o artigo o artigo 25.1 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos que “ toda persoa ten dereito a un nivel de vida adecuado que lle asegure , así como á súa familia, a saúde e o benestar, en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios”.*

*O artigo 39 da Constitución establece a obriga dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.*

*A Constitución española atribúe a competencia nesta materia a través do artigo 148.1.20 ás Comunidades autónomas e estas, no marco dos seus estatutos, promulgaron as leis de servizos sociais (en Galicia, a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia).*

*Pola súa banda, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establecen as competencias dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social.*

*A Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia, establece como principio de responsabilidade pública, entre outros, dispensar especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias e mais a aquelas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social.*

*En desenvolvemento dos principio e obrigas anteriores, servindo con obxectividade aos intereses xerais, e conforme á obriga a todas as Administracións Públicas que pauta o artigo 103.1 da Constitución Española, o Concello de Mesía ten o dereito e a responsabilidade de establecer e regular o conxunto de dereitos e recursos municipais específicos dirixidos a persoas en situación de risco ou exclusión social en seguimento da seguinte normativa:*

*A Lei 13/2008 de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia indica no Art. 21 que son “prestacións económicas dos sistema galego de servizos sociais as achegas en diñeiro, de carácter periódico ou de pagamento único, que teñen como finalidade, entre outras, apoiar o coidado de menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social”, entre elas: A) as rendas de inclusión social, B) as axudas de emerxencia e necesidade social e igualmente as axudas económicas de análoga ou similar natureza e finalidade.*

*O Decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento, contempla no artigo 9 como Programa Básico de Servizos Sociais no eido municipal o Programa de Inserción Social que “procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo ás persoas en situación de risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas.*

*Por último e de acordo co artigo 84 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, son competencias dos concellos: “1. En cooperación*



# CONCELLO DE MESÍA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001–Fax687069

exp. 2022/G010/000006

coa Xunta de Galicia, implantar e desenvolver os servizos sociais comunitarios necesarios para a aplicación do disposto nesta lei, consonte o establecido na precitada Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia” e “3. Cantas outras competencias lles correspondan por norma de rango legal ou regulamentario”.

## **TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS:**

### **ARTIGO 1. RÉXIME XURÍDICO**

1. As axudas ás que se refire esta ordenanza rexeranse polos preceptos básicos establecidos na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, tendo en conta a disposición adicional terceira e a disposición transitoria segunda da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, así como a disposición adicional cuarta da Lei 5/2014 de 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da administración local
2. A concesión das prestacións municipais baixo a denominación de emerxencia social rexerase polo disposto na presente ordenanza e polas disposicións que se adopten para a súa aplicación e desenvolvemento.
3. De conformidade co previsto no artigo 2.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e dado o seu carácter de prestación social, as axudas emerxencia social non teñen carácter de subvención.

### **ARTIGO 2.- OBXECTO:**

1. Esta Ordenanza ten por obxecto establecer un conxunto de axudas de emerxencia social que teñen por finalidade atender situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social e estean destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes.
2. Igualmente regula as condicións de acceso da veciñanza de Mesía ás prestacións municipais contempladas nesta Ordenanza.
3. Estas axudas caracterízanse por:
  - a. O seu carácter finalista, debendo destinarse para satisfacer a necesidade especificamente sinalada no acordo de recoñecemento da axuda.
  - b. O seu carácter subsidiario, respecto doutras prestacións económicas recoñecidas ou recoñecibles segundo a lexislación vixente.
  - c. O seu carácter persoalísimo e intransferíbel.
  - d. O seu carácter transitorio e non periódico.



# CONCELLO DE MESÍA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001–Fax687069

exp. 2022/G010/000006

## **ARTIGO 3. ÁMBITO DE APLICACIÓN**

1. O ámbito subxectivo de aplicación desta ordenanza ven determinado por aquelas persoas que acorde co Sistema Galego de Servizos Sociais sexan valoradas como persoas en situación ou risco de exclusión- social, de acordo a unha ausencia ou déficit grave de recursos económico e situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos seguintes factores de exclusión, cando supoñan unha especial dificultade de integración social ou laboral:

- a. Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas, tanto de menores como de persoas maiores dependes ou afectadas de minusvalía.
- b. Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias aditivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.
- c. Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.
- d. Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.
- e. Ter unha discapacidade recoñecida superior ao 33 %
- f. Ser inmigrante ou emigrante retornado/a
- g. Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.
- h. Proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria.
- i. Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.
- j. Pertencer a unha minoría étnica.
- k. Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de tráfico de persoas.
- l. Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de resignación sexual.
- m. Calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, valorado polo traballador/a social de referencia dos servizos sociais do Concello de Mesía, no contexto persoal e sociofamiliar da persoa, condicione negativamente e gravemente a súa inclusión sociolaboral.

## **ARTIGO 4. DEFINICIÓNS:**

- a) Prestacións: As prestacións recollidas nesta Ordenanza son prestacións económicas de pago único que teñen por obxecto atender situacións de



# CONCELLO DE MESÍA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001–Fax687069

exp. 2022/G010/000006

*carácter urxente, transitorio, puntual e previsiblemente non repetible. Estas situacións deberán estar incardinadas nun proceso de intervención social que inclúa unha análise da situación individual e familiar por parte da traballadora social de referencia.*

- b) *Emerxencia social: Situación de necesidade económica grave e urxente, con afectación severa á saúde e/ou ao benestar dunha persoa ou dunha familia especialmente no que atinxe á alimentación, vestido, vivenda, asistencia médica e outras atencións básicas e urxentes.*
- c) *Itinerario de inclusión activa: Ferramenta técnica de diagnose social individualizada de intervención social dirixida á inclusión social dunha persoa ou grupo. Valorará a situación ou risco de desemprego e/ou infraemprego, exclusión residencial ou infravivenda, así como de carácter persoal, familiar e/ou social ou que de calquera outra índole incidan na situación de risco ou exclusión e, conterà con actuacións para a inclusión sociolaboral da persoa solicitante e da súa unidade de convivencia.*
- d) *Residencia efectiva: Residencia habitual, vivir habitualmente e de xeito ininterrompido.*
- e) *Residencia colectiva: conxunto de persoas físicas que convivan nun mesmo enderezo sen manter os vínculos dunha unidade de convivencia.*
- f) *Residente: persoa física que ten a súa residencia habitual no municipio de Mesía.*
- g) *Situación ou risco de exclusión social: situación avaliada tecnicamente seguindo os criterios previstos na normativa estatal ou autonómica vixente en cada momento.*
- h) *Transeúnte: persoa que se atopa no territorio do municipio de Mesía sen residir nel.*
- i) *Unidade familiar de convivencia: conxunto de persoas físicas que convivan nun mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análogarelación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o terceiro e segundo grao, respectivamente.*

*De xeito excepcional, a valoración da unidade de convivencia supeditarase ao criterio técnico nos seguintes casos:*

- *Edificios de titularidade familiar.*
- *Residencia colectiva: en instalacións colectiva de carácter sanitario, terapéutico ou social de titularidade pública ou*



# CONCELLO DE MESÍA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001–Fax687069

exp. 2022/G010/000006

*entidades de iniciativa social coa debida acreditación e rexistro no Sistema Galego de Servizos Sociais.*

- *Establecementos de aloxamento hostaleiro en réxime de pensión, nas que medie contraprestación económica.*
- *En vivenda particulares nas que medie contraprestación económica coa persoa propietaria da vivenda.*
- *Vivendas compartidas por varias unidades familiares de convivencia sen vínculo de parentesco.*
- *IPREM: Indicador Público de Rendas de efectos múltiples.*

## **ARTIGO 5. PERSOAS BENEFICIARIAS:**

*Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas individuais ou unidades familiares de convivencia empadroadas e residentes no concello de Mesía, que carezan de medios económicos e nas que concorran factores de risco ou emerxencia social e precisen dunha axuda para satisfacer as súas necesidades básicas, sempre como un apoio á intervención social.*

*Cando, por causa de forza maior, accidente ou desafiuzamento, unha familia se vexa obrigada a residir con outra, non perderá a condición de unidade de convivencia independente*

## **ARTIGO 6. REQUISITOS:**

1. *Ser maior de idade ou menor emancipado/a*
2. *Acreditar a situación de risco ou exclusión social. Ter sido avaliada en situación de risco ou exclusión social polos servizos sociais municipais.*
3. *A documentación acreditativa deste requisito será o informe dos servizos sociais municipais emitido pola traballadora social de referencia.*
4. *Estar empadroado ou ter residencia legal e efectiva de xeito ininterrumpido no termo municipal de Mesía cunha antigüidade mínima de seis meses inmediatamente anteriores e continuados á data de presentación da solicitude, agás as seguintes excepcións;*
  1. *Aquelas persoas que, procedentes doutras comunidades autónomas do Estado Español, sexan beneficiarias do sistema de rendas mínimas na comunidade autónoma da cal proceden, sempre que na lexislación da citada comunidade autónoma se recolla a reciprocidade ou convenio específico para o efecto.*
  2. *A vítimas de violencia doméstica ou de violencia de xénero que cambiou o seu domicilio por motivos de seguridade.*
  3. *As persoas emigrantes galegas, nos termos sinalados no artigo 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, cando fixasen a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma galega.*
  4. *As que teñan recoñecida a condición de persoa refuxiada polo organismo competente da Administración Xeral do Estado ou aquelas persoas cuxa solicitude de asilo se admitise a trámite ou, non admitíndose, teñan as persoas solicitantes autorizada a súa*



# CONCELLO DE MESÍA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001–Fax687069

exp. 2022/G010/000006

*permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social, no marco da lexislación reguladora do dereito de asilo e a condición de persoa refuxiada e da normativa reguladora dos dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e da súa integración social.*

5. *As persoas vítimas de tráfico de seres humano ou de mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero que contén coa autorización de residencia ou cun traballo por circunstancias excepcionais nos termos que estableza a normativa de aplicación en materia de estranxeiría.*
6. *Persoas que se atopen nunha situación de necesidade, precariedade ou urxencia que provoque unha situación de desprotección e/ou de risco de exclusión no intre da solicitude, sendo necesario nestes casos un informe social motivado do persoal técnico de servizos sociais do Concello de Mesía.*
5. *Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación que xustifica a solicitude da axuda. En ningún caso os ingresos mensuais da unidade familiar de convivencia poderán superar o IPREM mensual (indicador público de renda de efectos múltiples) vixente, incrementado nun 10% por cada membro maior de idade. No suposto de formar parte da unidade familiar un menor de idade o incremento será dun 20 % por cada un deles.*
6. *Acreditar a situación de necesidade, situación que será valorada polo/a traballador/a social e , de ser o caso, integrada nun proceso de intervención social.*
7. *No caso de unidades familiares con menores, estes deberán estar escolarizados e non poderá estar activado ningún protocolo de absentismo.*
8. *Achegar a documentación requirida en cada caso.*
9. *Aceptación expresa por parte do/a solicitante das condicións que figuran no deseño da intervención social, se é o caso.*
10. *No caso de ter expediente aberto nos servizos sociais, que a unidade familiar cumprira co plan de traballo e/ou seguimento establecido polos servizos sociais comunitarios ,básicos ou polo servizo especializado.*
11. *Que a unidade familiar de convivencia non dispoña mais de 3.000,00 € en títulos, saldos en contas e valores ou calquera outro produtos financeiros.*
12. *No caso de ter expediente aberto nos servizos sociais, que a unidade familiar cumprira co plan de traballo e/ou seguimento establecido polos servizos sociais comunitarios ,básicos ou polo servizo especializado.*

## **TÍTULO II. AS PRESTACIÓNS PARA AFRONTAR SITUACIÓNS EMERXENCIA SOCIAL. XESTIÓN E PROCEDIMENTO:**



# CONCELLO DE MESIA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001-Fax687069

exp. 2022/G010/000006

## **ARTIGO 7: FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

1. As solicitudes, acompañadas pola documentación especificada no artigo 8 , formalizaranse conforme aos modelos que se publicarán xunto con esta ordenanza e, presentaranse no rexistro municipal correspondente ou por calquera dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.
2. De forma excepcional, os expedientes poderán ser incoados de oficio, mediante informe social emitido polo persoal técnico de servizos sociais, cando concorran circunstancias extraordinarias ou urxentes que así o aconsellen.
3. As solicitudes das axudas de emerxencia social poderán presentarse en calquera momento do ano.

## **ARTIGO 8. DOCUMENTACIÓN**

1. A solicitude, segundo o modelo do anexo I, deberá ir acompañada da seguinte documentación:
  - a) DNI/NIE de tódolos membros da unidade familiar maiores de idade ou documento análogo de igual valor.
  - b) Libro de familia ou documentación equivalente e demostrativa da filiación.
  - c) Sentenza de separación ou divorcio ou do convenio regulador ou documento regulador das relacións paterno-filiais, de ser o caso, aí como constancia da contía da manutención.
  - d) Autorización de consulta de datos relativos a IRPF, Catastrais e Padrón de habitantes. Anexo III
  - e) Copia do contrato de alugueiro ou do préstamo hipotecario, e os últimos xustificantes de pagamento.
  - f) Xustificación de ingresos de todas as persoas integrantes da unidade familiar que se atopen en idade laboral relativo aos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude. Para esta xustificación compre presentar a seguinte documentación acreditativa:
    - i) Follas de salario de todos os membros da unidade familiar computables y que perciban haberes. No caso de autónomo, modelos 130 e 131 dos dous trimestres anteriores á solicitude, no caso de persoas traballadoras do réxime especial agrario deberán presentar os dous trimestres inmediatamente anteriores á solicitude do modelo 303.
    - ii) Certificacións bancarias, a 31 de decembro do ano anterior do saldo en contas, títulos, valores ou calquera outro produto financeiro.
    - iii) Certificación de percibir ou non prestacións económicas por parte do Servizo Público de Emprego ou da Seguridade Social, así como a contía das mesmas de ser o caso.



# **CONCELLO DE MESIA** (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001–Fax687069

exp. 2022/G010/000006

- iv) *Extracto das entidades bancarias nas que confiasen as contas ou depósitos sobre os movementos bancarios existentes nos 6 meses anteriores á petición da axuda*
- v) *Naqueles casos nos que non acheguen a documentación específica sinalada sobre os ingresos, solicitarase declaración responsable.*
- vi) *Declaración xurada de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas polo mesmo concepto polas distintas administracións públicas competentes ou institucións privadas, segundo o anexo III.*
- vii) *Vida laboral de tódolos membros da unidade familiar de convivencia maiores de 16 anos.*

- g) *Orzamento do gasto a realizar*
- h) *Informe médico de prescrición, de ser o caso, receitas e prescrición médicas da seguridade social.*
- i) *Informe educativo, de ser o caso*
- j) *Certificado de IBAN bancario onde se ingresaría a prestación económica.*
- k) *Autorización de pago delegado, segundo anexo II*
- l) *No caso de axudas vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual de alugueiro, autorización da persoa propietaria da vivenda para acometer as obras.*
- m) *Certificado do recoñecemento do grao de discapacidade, de ser o caso.*
- n) *Resolución do grao de dependencia, de ser o caso.*
- o) *Documentación acreditativa de representante legal, de ser o caso.*
- p) *Outros documentos específicos segundo a circunstancia da necesidade a pedimento dos servizos sociais.*

*As prestacións para afrontar situacións de risco social pretenden paliar situacións de emerxencia social relacionadas coa manutención, aloxamento e subministros básicos, incluíndo situacións de pobreza enerxética, mantemento da vivenda habitual, equipamento básico, prestacións para a promoción da autonomía persoal e outras situacións de extrema gravidade, de difícil previsión.*

*As prestacións para a prevención e inserción social van destinadas a minguar factores de risco social no colectivo infanto-xuvenil, apoiar e fomentar a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia ou con discapacidade recoñecida, e favorecer proxectos formativos cun fin laboral.*

## **ARTIGO 9: DETERMINACIÓN DOS RECURSOS ECONÓMICOS**



# CONCELLO DE MESIA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001-Fax687069

exp. 2022/G010/000006

A Para determinar os ingresos teranse en conta os ingresos económicos de todos os ingresos económicos de toda a unidade familiar de convivencia.

Computaranse como recursos económicos os ingresos que se obteñan por rendementos do traballo, retribucións, rendas ou prestación ou calquera outro título, dos 6 meses anteriores á data da solicitude.

Non se considerarán como recursos económicos:

- Os ingresos non regulares de escasa contía que unicamente resulten un complemento da supervivencia.
- Os ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regrada.
- Os ingresos por asistencia a cursos de formación non regrada, sempre que pola súa natureza e menor contía se deduza que só se remuneran os gastos de desprazamento ou incentivan a formación
- As prestacións familiares por fillo ou filla a cargo.

## ARTIGO 10: CLASIFICACIÓN E CONTÍA DAS PRESTACIÓNS:

### 1. Atención de necesidades básicas.

Son axudas destinadas a adquisición de alimentos, vestuario e enxoval doméstico de carácter básico imprescindible para satisfacer as necesidades primarias das persoas que permitan o desenvolvemento normalizado da vida diaria.

1.a. Alimentación, produtos de hixiene persoal e do fogar: Alimentos perecedoiros e non perecedoiros, alimentos para bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimenticias prescritas polo facultativo: celíacos, intolerancias, diabetes....) así como os produtos de hixiene persoal e do fogar.

1.b. O vestuario básico englobará tanto a roupa e calzado da persoa solicitante e/ou familia como a roupa de fogar.

a) De carácter Xeral: Manutención: prestación destinada a cubrir as necesidades de alimentación diaria, vestido e coidados básicos das persoas da unidade de convivencia independente. A contía a percibir terá unha duración máxima de 3 mensualidades nun período dun ano . Baixo criterio técnico, podería ser ampliado ata un máximo de 6.

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	CONTÍA MÁXIMA SUBVENCIONABLE
1	40% do IPREM mensual x 3 mensualidades
2	50% do IPREM mensual x 3 mensualidades
3	60% do IPREM mensual x 3 mensualidades
4	70% do IPREM mensual x 3 mensualidades
5 ou máis persoas membro da unidade familiar	Un 10% máis por cada persoa a maiores ata o máximo do 100% do IPREM x 3 mensualidades



# **CONCELLO DE MESÍA (ACORUÑA)**

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001–Fax687069

exp. 2022/G010/000006

## **2. Axudas de atención sanitaria, farmacéutica e sociosanitaria**

*Non cubertas polos sistemas públicos de saúde de servizos sociais, acreditando a súa prescrición polo persoal médico de referencia do sistema público de saúde. Igualmente cobertura de elementos protésicos, axudas técnicas, estancias en centros residencial xeriátrico.*

*Contía da axuda:*

- *100% do custo ata un máximo do 100% do IPREM mensual. No caso de medicación poderanse solicitar ate 3 veces ao ano, sempre tendo como referencia un custo que non deberá superar o 100% do IPREM mensual no mesmo ano.*
- *No caso de axudas técnicas, poderase realizar unha solicitude única ao ano tendo como límite de gasto o mesmo do 100% do IPREM mensual no mesmo ano. Igualmente para solicitar unha axuda para o mesmo tipo de prótese ou axuda técnica, terán que transcorrer cando menos 2 anos, agás no caso de menores que terá que transcorrer cando menos 1 ano.*
- *No caso de ingreso en centro residencial xeriátrico ata 150 % IPREM mensual por mes , ata un máximo de 1 mes. A persoa beneficiaria deberá ter solicitado o ingreso en centro residencial público. A persoa beneficiaria deberá aportar ao centro residencia o 100 % do importe da pensión agás que teña cónxuxe a cargo, en tal caso, apartaría o 50 % da pensión.*
- *Gastos de funerais: cubriranse os gastos básicos de funeral, ata un máximo de 200 % do IPREM mensual.*

## **3. Axudas vinculadas á vivenda**

*En todo caso a prestación solicitada deberá ser para a residencia habitual, real e efectiva de quen a solicita, sempre que estea situada dentro do termo municipal de Mesía.*

*a) Axudas vinculadas ao uso da vivenda, son as destinadas a posibilitar que se continúe habitando na vivenda habitual, comprende axudas de pago de alugueiro ou conceptos similares que impidan o desafiuzamento e a perda de subministracións básicas, como a auga, e a luz e subministración para calefacción.*

*(1)Contía das axudas:*



# CONCELLO DE MESIA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001-Fax687069

exp. 2022/G010/000006

- *Fianza do alugueiro da vivenda: Duración máxima da axuda: unha única vez. Contía da axuda: 100% do custo da fianza ata un máximo do 75% do IPREM mensual.*
- *Alugueiro da vivenda habitual. Duración máxima da axuda: 2 meses nun período de 12, sempre e cando existan garantías de continuidade da vivenda. A débeda deberá quedar acreditada con documentación e Declaración Xurada do Arrendador. Contemplanse débedas contraídas por residentes que poidan vivir en vivendas colectivas. A contía da axuda será:*

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	CONTÍA MÁXIMA SUBVENCIONABLE
1 - 2 persoas membro	Contía do alugueiro ata un máximo do 40% do IPREM mensual x 2 mensualidades
3 - 4 persoas membro	Contía do alugueiro ata un máximo do 50% do IPREM mensual x 2 mensualidades
5 persoas ou máis	Contía do alugueiro ata un máximo do 60% do IPREM mensual x 2 mensualidades

- *Débedas de subministro ( luz, gas, auga, calefacción), A contía máxima a financiar será ata o 100% dunha mensualidade do IPREM mensual para o pago de facturas no período dun ano. En todo caso a persoa solicitante tramitará o bono social eléctrico.*
- *Aloxamento de urxencia: Deberá estar motivado por cuestión de extrema gravidade así valorada pola Traballadora Social Municipal. O aloxamento alongarase ata a obtención dun aloxamento alternativo, e a contía máxima será valorada polo concello en base á gravidade, necesidade e número de persoas afectadas que se acreditará mediante informe social emitido pola traballadora social de referencia, non superando en ningún caso o 100 % do IPREM mensual.*

*b) Axudas vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual, son as destinadas á adecuación da vivenda sempre e cando os acondicionamentos sexan imprescindibles e que garanten o mantemento da habitabilidade así como a mellora da súa accesibilidade.*

*(1) A contía máxima da axuda non excederá o 100 % do IPREM mensual e só poderá ser solicitarse unha vez ao ano por unidade de convivencia.*



# CONCELLO DE MESIA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001–Fax687069

exp. 2022/G010/000006

c) *Axudas destinadas ao equipamento mobiliario básico da vivenda, son axudas destinadas á adquisición de mobiliario e electrodomésticos básicos, entendendo como básicos os que sexan imprescindibles para satisfacer as necesidades primarias das persoas e permitan un desenvolvemento normalizado na vida diaria. Excepcionalmente pola existencia de menores ou de persoas convivintes con problemas de saúde ou discapacidade, previo informe social xustificativo, poderán concederse mobiliario ou electrodomésticos son básico, entendidos como aqueles que contribúen á mellora do benestar das persoas.*

*(1) A contía máxima da axuda non excederá o 100 % do IPREM mensual e só poderá ser solicitarse unha vez ao ano por unidade de convivencia.*

#### 4. Prestacións para afrontar situacións de risco social.

a) **Fomento do dereito á educación e á participación da infancia:**  
*Concepto: Financiamento de cotas de Escolas Infantís, ludotecas, campamentos e outras actividades valoradas como idóneas con informe técnico emitido desde o Programa de Educación Familiar.*

*Igualmente poderanse sufragar gastos por mor de matrícula, materiais, desprazamentos, aloxamento, estudos ou outros destinadas a estudantes de formación profesional, nos seus ciclos de grao medio e superior, bacharelato ou universidade, sempre e cando se cotemplen a nivel técnico como necesarias, e non haxa outro programa municipal ou de outras administracións que acheguen financiamento ao mesmo concepto. No caso de existiren liñas de financiamento para o mesmo fin, as persoas usuarias deberán ter respoa de denegación das mesmas para poder optar a esta liña de emerxencia.*

**Contía máxima:** *Sufragaranse os gastos educativos para os que se solicite a axuda ata un máximo de:*

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	CONTÍA MÁXIMA SUBVENCIONABLE
1 - 2 persoas	40% do IPREM mensual nun pagamento único
3 - 4 persoas membro	50 % do IPREM mensual nun pagamento único
5 persoas ou máis	60% do IPREM mensual nun pagamento único

b) **Actividades de inserción-socio laboral (matrícula, material).**  
*Desenvolvemento de actividades de formación prelaboral ou de*



# CONCELLO DE MESIA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001-Fax687069

exp. 2022/G010/000006

*inserción socio-laboral e educación ou aprendizaxe para emprego. Duración da axuda: unha única vez nun período de 12 meses. Contía da axuda: 100% do custo ata un máximo do 50% do IPREM mensual.*

- c) **Gastos de Transporte.** Poderanse cubrir gastos de transporte para acudir a actividades educativas, prelaborais, laborais ou de fomento da inserción. Igualmente se poderá financiar o transporte para acudir a tratamentos terapéuticos necesarios para garantir procesos de inserción social. Contía anual da axuda: 100% do custo ata un máximo do 50% do IPREM mensual. Xuntarase como documentación: xustificantes de asistencia ás consultas médicas ou hospitalarias de ser o caso.
  - d) **Reforzo educativo e aprendizaxe,** para menores en idade escolar obrigatoria e previo informe favorable do equipo educativo. A contía da axuda será dun 100 % do custo ata un máximo dun 50 % do IPREM mensual.
  - e) **Intervencións psico-sociais,** requirirase de informe favorable do sistema sanitario público e/ou sistema educativo. A contía da axuda será dun 100 % do custo ata un máximo dun 100 % do IPREM mensual.
  - f) **Conciliación,** este servizo prestarase ás familias nas que, por concorrer unha situación inesperada ou carecer de rede familiar de apoio, precisen dun apoio puntual para o coidado de fillos/as menores de 12 anos ou fillos/as ata 18 anos cunha minusvalía recoñecida mínimo dun 33%. A duración máxima será de 4 meses, debendo acreditarse a coincidencia da xornada laboral coa xornada extra-escolar do menor a cargo. A contía máxima será do 50 % do custo do servizo, ata un máximo do 50 % do IPREM mensual.
5. **Outros gastos excepcionais non contemplados nos apartados anteriores.** Poderá facilitarse o abono de axudas a individuos e familias na súa contorna de convivencia en situación non contempladas nesta ordenanza, cando a súa necesidade para un proceso de inclusión social sexa avalada por Informe Social emitido polos/as traballadores/as sociais de referencia e así o avale a Comisión Técnica, que tamén acordará a contía respectando os límites máximos que pauta a ordenanza, e sempre que haxa crédito dispoñible na Partida Orzamentaria creada ao efecto.
6. Non serán susceptibles de prestacións de emerxencia social os seguintes gastos:
- a) Os gastos derivados das obrigas tributarias e/ou débedas coa seguridade social



# CONCELLO DE MESÍA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001–Fax687069

exp. 2022/G010/000006

- b) *Os gastos derivados de multas e outras sancións pecuniarias debidas ao incumprimento de ordenanzas municipais.*
  - c) *Os gastos derivados do cumprimento dunha sentenza xudicial condenatoria.*
- 2) *Os diferentes conceptos financiáveis non serán incompatibles entre si. En todo caso, e de xeito combinado, a contía máxima a achegar en cómputo anual, non poderá exceder 4 veces o IPREM mensual .*

## **ARTIGO 11. INSTRUCCIÓN E VALORACIÓN DO EXPEDIENTE**

*Presentada a solicitude, ben a instancia de parte ou de oficio, conforme ao establecido nesta ordenanza e a documentación establecida no artigo 8, será o persoal técnico de servizos sociais os responsables da tramitación do mesmo e comprobación de que a solicitude estea completa.*

*No caso de que a solicitude estivera incompleta e non reúna os requisitos precisos para a súa tramitación, requirirase á persoa solicitante para que, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 outubro, reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo 10 días hábiles, emende os defectos e/ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, entenderase que desiste do seu pedimento, previa resolución nos termos previstos no artigo 21 de dito texto legal.*

*Dende o departamento de servizos sociais remitirán a solicitude ao departamento de intervención coa finalidade de verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente en atención á natureza do gasto pretendido.*

*Os servizos sociais do concello e Mesía realizarán cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos presentados pola persoa solicitante, en virtude dos que debe pronunciarse para a resolución, precederán a valoración das solicitudes e emitirán un informe social e se é o caso, o proxecto de intervención social.*

*A proposta de concesión ou denegación, así como a proposta de pagamento, en base aos conceptos e contías establecidas na presente ordenanza, será elevada ao órgano competente para a posterior resolución, que deberá axustarse necesariamente ás características da presente ordenanza.*

*A concesión das prestacións reguladas na presente norma, está limitada pola dispoñibilidade orzamentaria establecida no Orzamentos do Concello de Mesía nos exercicios nos que se imputen os gastos. Polo tanto, as concesión da axudas ao abeiro da ordenanza supeditase en todo momento ao crédito dispoñible existente na aplicación orzamentaria de imputación de gasto.*

## **ARTIGO 12. INCOMPATIBILIDADE**

*Ningunha persoa poderá ser beneficiaria simultaneamente de máis dunha prestación para a mesma finalidade, calquera que sexa a administración pública outorgante. Excepcionalmente poderán concederse axudas cando as prestacións económicas ou servizos que se reciban doutras administracións públicas non cubran a totalidade do importe da prestación para a que se solicitou a axuda.*



# CONCELLO DE MESIA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001-Fax687069

exp. 2022/G010/000006

## **TÍTULO III. XESTIÓN, ABONO E XUSTIFICACIÓN**

### **ARTIGO 13. PAGAMENTO DAS AXUDAS**

- 1. En atención ao seu carácter social, o pagamento das axudas reguladas nesta Ordenanza requirirá unicamente da solicitude da persoa interesada e do previo informe de avaliación dos servizos sociais do Concello e do acordo da Comisión creada para a súa valoración.*
- 2. A necesidade de resposta económica á situación de emerxencia pode esixir o pago urxente, sen cuxa realización inmediata resulte ineficaz a concesión. A apreciación ou non da urxencia constará de ser o caso no diagnóstico social emitido polos/as traballadores/as sociais de referencia e na proposta de resolución do expediente.*
- 3. Nos procedementos ordinarios, o pagamento deberá efectuarse no prazo máximo dun mes dende a data de rexistro da solicitude. Non obstante, e sempre que o/a traballador/a social que informe a solicitude o considere de extrema urxencia, o pagamento efectuarase no prazo máximo de 3 días hábiles.*
- 4. En ambos casos, o pagamento materializarase mediante transferencia bancaria ou, no seu defecto, mediante, á persoa ou entidade prestadora do servizo bonificado (modalidade de "pagamento delegado"). De entendela útil e efectivo o concello poderá valorar outras modalidades como poderían ser a emisión de tarxetas moedeiro ou similares.*
- 5. Os prazos de pagamento indicados neste artigo quedan supeditados ao seu reflexo no plan de disposición de fondos que aprobe o órgano municipal correspondente.*

### **ARTIGO 14. XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS**

- 1. A xustificación das axudas deberá ter lugar no prazo máximo de 45 días dende a notificación da súa concesión ou, de se producir antes, do seu abono.*
- 2. En ambos casos, a xustificación efectuarase mediante facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.*
- 3. De non xustificarse a totalidade do importe concedido cando así se requira, no suposto de que sexan axudas periódicas, no mes seguinte descontaráselle a cantidade non xustificada. No caso de ser a última mensuralidade ou axuda de pago único a persoa quedará obrigada a reintegrar o importe sen xustificar.*

### **ARTIGO 14. OBRIGAS DA PERSOA BENEFICIARIA**

- 4. Destinar a axuda á finalidade concedida*



# **CONCELLO DE MESÍA (ACORUÑA)**

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001–Fax687069

exp. 2022/G010/000006

5. *Acreditación ou xustificación da realización da actividade financiada, e do cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión da axuda*
6. *Permitir e facilitar a actuación dos Servizos Sociais para avaliar a situación e comprobar a aplicación da axuda á finalidade para a que se concedeu*
7. *Comunicar ao Concello calquera variación que se produza na situación socio-económica e familiar no prazo de 10 días.*

## **ARTIGO 15. REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR.**

1. *A falsidade dos datos ou documentos achegados pola persoa perceptora da axuda, a non xustificación ou o feito de destinar a axuda a un fin distinto daquel para a que foi concedida, implicará o impedimento de presentar unha nova solicitude por un período de dous anos, sen prexuízo das responsabilidades que desta conduta se puideran derivar.*
2. *Procederá a revogación da axuda e o reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento de aboamento da axuda, nos seguintes supostos:*
  - a) *Incumprimento da obriga de xustificar ou da finalidade para á que foi concedida a axuda.*
  - b) *Ocultación ou falsidade de datos ou documentos que serviran de base para a concesión ou obtención da axuda sen reunir as condicións requiridas, ou o incumprimento das obrigas e requisitos establecidos con carácter xeral nestas bases.*
  - c) *Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión*
3. *Igualmente, procederá o reintegro do exceso nos supostos en que, por concesión de axudas doutras administracións públicas, a contía das axudas outorgadas supere o custo da actividade para o que se concedeu a mesma.*
4. *Serán causas da extinción da axuda concedida:*
  - i) *Cambio de residencia efectiva do Concello de Mesía.*
  - ii) *Falecemento da persoa beneficiaria. Non obstante, cando a axuda implique a varios membros da unidade familiar, valorarase a súa continuidade desta por outro/a familiar.*



# CONCELLO DE MESIA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001–Fax687069

exp. 2022/G010/000006

- iii) *Desaparición das circunstancias que deron lugar á concesión da axuda.*
- iv) *Cumprimento do prazo máximo de duración da axuda.*
- v) *Non colaborar coas accións contempladas no proxecto de intervención acordado.*

**DISPOSICIÓN ADICIONAL** *En todo aquilo non previsto nesta ordenanza estarase ao disposto na normativa vixente.*

## SOLICITUDE DE AXUDAS DE INCLUSIÓN E APOIO AS SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE	
<b>Nome e apelidos:</b>	<b>D.N.I.:</b>
<b>Enderezo:</b>	<b>Código Postal:</b>
<b>Teléfono:</b>	<b>Correo electrónico</b>
<b>Modo de notificación</b>	<input type="checkbox"/> <b>Electrónica a:</b> <input type="checkbox"/> <b>Solicitante</b> <input type="checkbox"/> <b>Representante legal</b> <input type="checkbox"/> <b>Postal a:</b> <input type="checkbox"/> <b>Solicitante</b> <input type="checkbox"/> <b>Representante legal</b>
DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL (Acreditar documentalmente)	



# CONCELLO DE MESÍA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001-Fax687069

exp. 2022/G010/000006

<b>Nome e apelidos:</b>	<b>D.N.I.:</b>
<b>Enderezo:</b>	<b>Código Postal:</b>
<b>Relación co interesado/a:</b>	<b>Teléfono:</b>

MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA		
NOME E APELIDOS	DATA DE NACEMENTO	GRAO DE PARENTESCO COA SOLICITANTE PERSOA

<b>SOLICITO UNHA AXUDA DE EMERGENCIA SOCIAL</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>Euros</b>
---	----------------	--------------

**DECLARACIÓN:** Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados na presente solicitude e quedo informado/a da obriga de comunicarlle ao Departamento de Servizos Sociais deste Concello calquera variación que poida producirse. Son coñecedor/a de que a ocultación ou falsidade destes datos implicará o impedimento da tramitación da solicitude.

Mesía, de \_\_\_\_ de \_\_\_\_

Asdo.:

### DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGAR

- Impreso normalizado de solicitude asinado.
- DNI/NIE de tódolos membros da unidade familiar maiores de idade ou documento análogo de igual valor.
- Libro de familia ou documentación equivalente e demostrativa da filiación.
- Sentenza de separación ou divorcio ou do convenio regulador ou documento regulador das relacións paterno-filiais, de ser o caso, aí como constancia da contía da manutención.
- Autorización de consulta de datos relativos a IRPF, Catastrais e Padrón de habitantes. Anexo III
- Copia do contrato de alugueiro ou do préstamo hipotecario, e os últimos xustificantes de pagamento.
- Xustificación de ingresos de todas as persoas integrantes da unidade familiar que se atopen en idade laboral relativo aos últimos 6 meses anteriores á presentación da solicitude. Para esta xustificación compre presentar a seguinte documentación acreditativa:
  - Follas de salario de todos os membros da unidade familiar computables y que perciban haberes. No caso de autónomo deberá presentar modelo 130 e 131 ou persoas traballadoras do réxime especial agrario deberán presentar o modelo 303.
  - Certificacións bancarias, a 31 de decembro do ano anterior do saldo en contas, títulos, valores ou calquera outro produto financeiro.
  - Certificación de percibir ou non prestacións económicas por parte do Servizo Público de Emprego ou da Seguridade Social, así como a contía das mesmas de ser o caso.
  - Extracto das entidades bancarias nas que confíansen as contas ou depósitos sobre os movementos bancarios existentes nos 6 meses anteriores á petición da axuda
  - Naqueles casos nos que non cheguen a documentación específica sinalada sobre os ingresos, solicitarase declaración responsable.
  - Declaración xurada de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas polo mesmo concepto polas distintas administracións públicas competentes ou institucións privadas



# CONCELLO DE MESIA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001-Fax687069

exp. 2022/G010/000006

e conformidade de obrigas, segundo o anexo II.

o *Vida laboral de tódolos membros da unidade familiar de convivencia maiores de 16 anos-*

- ▣ *Orzamento do gasto a realizar*
- ▣ *Informe médico de prescripción, de ser o caso, receitas e prescripción médicas da seguridade social.*
- ▣ *Informe educativo, de ser o caso*
- ▣ *Certificado de IBAN bancario onde se ingresaría a prestación económica.*
- ▣ *Autorización de pago delegado, segundo anexo III*
- ▣ *No caso de axudas vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual de alugueiro, autorización da persoa propietaria da vivenda para acometer as obras.*
- ▣ *Certificado do recoñecemento do grao de discapacidade, de ser o caso.*
- ▣ *Resolución do grao de dependencia, de ser o caso.*
- ▣ *Outros documentos específicos segundo a circunstancia da necesidade a pedimento dos servizos sociais.*

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE MESIA, con dirección en R/Xanceda s/n, correo@concellodemesia.gal. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. O tratamento dos seus datos está lexitimado polo cumprimento dunha obriga legal e/ou polo consentimento que nos outorga coa firma da circular "Información Avanzada sobre Protección de Datos". Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, CONCELLO DE MESIA dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional y detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: correo@concellodemesia.gal.



## ANEXO II

### DECLARACIÓN RESPONSABLE DE OTRAS AXUDAS

Nome e apelidos:	D.N.I.:
Enderezo:	

Declaro baixo a miña responsabilidade:

Que non recibín axudas polo mesmo conceptos na ano en curso.

Que recibín as seguintes axudas no ano en curso:

Entida de	
Concepto	
Contía	

1. Teño a obriga de destinar a axuda ao fin para que me foi concedida.
2. Teño a obriga de acreditar ou xustificar a realización da actividade subvencionada e de cumprir os requisitos e condicións que determinaron a concesión e o goce da axuda.
3. Teño a obriga de permitir e facilitar a actuación dos servizos sociais para avaliar a situación e comprobar a aplicación da axuda á finalidade para a que se concedeu.
4. Teño a obriga de comunicar calquera variación que se produza na situación socio-económica e familiar.
5. Son coñecedor/a de que a falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados, así como a non xustificación total ou parcial da axuda, ou o feito de destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o impedimento dunha nova solicitude por un período de 2 anos, sen prexuízo das responsabilidades que desta conduta se puideran derivar.
6. No caso de que incumpra algunha das obrigas establecidas, o Concello procederá a revogación da subvención e quedarei obrigado/a a reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas máis o interese legal do diñeiro que resulte de aplicación, dende o momento do pagamento da subvención ou axuda que me foi concedida.
7. Nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras administracións públicas, a contía das subvencións ou axudas outorgadas supere o custo da actividade para a que solicito a axuda, teño a obriga de reintegrar o exceso ao Concello.

Mesía,..... de .....de .....

Asdo.:



# CONCELLO DE MESÍA (ACORUÑA)

15685XANCEDA C.I.F.:P-1504800B Telf.(981)687001–Fax687069

## Anexo III : MODELO AUTORIZACIÓN SOLICITUDE DE DATOS TRIBUTARIOS

**AUTORIZO** ao Concello de Mesía á consulta dos seguintes datos para a tramitación do expediente de inclusión e apoio ás situacións de emerxencia social:

Nome e apelidos	DNI	Datos fiscais	Padron	Castras- o	Sinatura
		<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
		<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
		<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
		<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
		<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	

Mesía, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_



## ANEXO IV

### MODELO DE DELEGACION DE PAGO

Datos da persoa solicitantes	
Nome e apelidos:	D.N.I.:
Enderezo:	

Datos bancarios do provedor ou da empresa autorizada:

Nome e apelidos/Razón social	
Enderezo	
DNI/NIF/CIF	
Nome da entidade financeira	
Enderezo	
Data Sinatura da persoa/empresa autorizada	
Data Sinatura e selo da entidade bancaria	
IBAN:	

En caso de pagamento a máis dun provedor deberase cubrir un modelo por cada un deles.

Mesía, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de \_\_\_\_ ”

O Sr. Alcalde manifesta que a ordenanza é similar ás doutros concellos e vai regular o procedemento e as condicións para acceder a este tipo de axudas, que xa se veñen prestando baixo o criterio do persoal de servizos sociais.

Pregunta o Sr. Mosquera polo crédito dispoñible e a cuántas persoas afecta, respostando o Sr. Alcalde que agora non ten e os datos e os dará no vindeiro pleno, pero que no orzamento de cada ano consígnase crédito tendo en conta o exercicio anterior e si fixera falta, habilitaríase máis crédito.



Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

#### **4. MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DA FROTA PESQUEIRA GALEGA FRONTE AO NOVO REGULAMENTO IMPOSTO POLA COMISIÓN EUROPEA.**

O Sr. Alcalde pasa a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

#### *MOCIÓN EN DEFENSA DA FROTA PESQUEIRA GALEGA FRONTE AO NOVO REGULAMENTO IMPOSTO POLA COMISIÓN EUROPEA*

*Beatriz Louro López, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Mesía, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en pleno,*

##### **Exposición de motivos:**

*A Comisión Europea vén de impoñer un novo regulamento que se traduce no feche para a pesca nun total de 87 zonas do Atlántico nororiental, o que afecta a unha superficie superior a 16.000 quilómetros cadrados e que terá consecuencias negativas para os buques equipados con artes de fondo como redes de arrastre de fondo, dragas, palangre de fondo, entre outros. Unha medida que entrará en vigor en poucos días e que suporá a expulsión da frota galega de fondo, podendo reducir até nun 75% as súas capturas.*

*Este regulamento, imposto desde a Comisión Europea (CE) sen un contraste e interlocución efectiva co propio sector, é un novo golpe que se engade ás limitacións de TACs e cotas de pesca, ao impacto derivado do Brexit, ou á aplicación das medidas de conservación e dun regulamento técnico e de control, que viñeron a limitar e dificultar a faena da frota galega.*

*Estamos diante dun acordo da CE que non contou co apoio unánime do Consello nin coa aprobación do Parlamento europeo, que se tomou residenciándoo nuns informes científicos e técnicos insuficientes e refutábeis, por parciais e desactualizados, sen diálogo e busca de alternativas co sector, sen unha avaliación socioeconómica sobre o seu impacto e cunhas consecuencias que poden ser estarrecedoras, e que non pode ser aceptado baixo ningún concepto tendo en conta que Galiza somos unha das primeiras potencias pesqueiras de Europa. As consecuencias desta decisión, que para alén do seu impacto brutal en termos produtivos e de emprego, suporán tamén agudizar a cada vez maior dependencia da importación de peixe e un previsíbel aumento dos prezos dificultando o acceso ao peixe aos segmentos sociais de menores ingresos.*

*A efectivización deste regulamento arbitrario e inxusto suporá un golpe en toda a regra á nosa frota, afectando a varios centos de barcos galegos e ameazando millares de postos de traballo. Punto por punto cúmprense os peores agoiros do sector que, malia a estar sometido a unha estrita regulación e control e a non ter permitido xa pescar en todos os lugares onde existen ecosistemas vulnerábeis, vén de comprobar como os seus esforzos non só non son recoñecidos se non que son desprezados e demonizados.*

*Nos últimos meses, o sector pesqueiro de artes de fondo levou a cabo innumerábeis*



actuacións para tratar de contrarrestar e combater unha decisión que se adopta agora, mais que xa vén de lonxe.

Tamén o Parlamento galego debateu ata en tres ocasións, e aprobou dúas veces por unanimidade, iniciativas de rexeitamento e medidas a levar a cabo para tratar de evitar a prohibición das artes de fondo por parte da UE.

A propia Xunta de Galiza, anunciou publicamente a realización de distintos informes que avaliarían o impacto da prohibición das artes de fondo no noso sector pesqueiro e na economía do país.

Nunha resposta do 25 de agosto ás preguntas do BNG no Parlamento Galego, a Xunta confirma a elaboración deses informes e a súa entrega en Bruxelas, así como o “establecemento de alianzas con aquelas rexións pesqueiras europeas que se verían afectadas polas restricións”.

E foi a mesma Conselleira de Mar quen asegurou, sempre aos medios de comunicación, que, de consumarse a prohibición das artes de fondo, defendería á frota galega pola vía xudicial.

Por parte do Goberno español, descoñécese as actuacións concretas desenvolvidas no marco da rolda de consultas realizada pola CE cos estados membros. Tampouco hai constancia de que o Goberno español tivese formulado unha alternativa perante a proposta de regulamento, finalmente aprobado, que conciliase a protección dos ecosistemas mariños e as biomásas de peixes coa protección dunha actividade pesqueira que é estratéxica para territorios de alta dependencia da pesca como Galiza.

En definitiva, o impacto do novo regulamento imposto pola Comisión Europea supón unha ameaza de primeiro nivel que pode facer desaparecer este sector estratéxico tal e como o coñecemos, como advertiron xa publicamente tanto dende o propio sector como dende organizacións sindicais como a CIG.

Por todo o exposto, o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar a Xunta de Galiza a:
  - a. Convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o tecido social do país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.) ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico nororiental, decretada pola Comisión Europea.
  - b. Defender á frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posíbeis e que, de acordo co sector, se consideren.
  - c. Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da Comisión Europea.
2. Instar ao Goberno español a:
  - a. Despregar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea.
  - b. Esixir no inmediato a suspensión da entrada en vigor do regulamento.

Mesía, 3 de outubro de 2022

Beatriz Louro López,



Portavoz do Grupo Municipal do BNG

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA”

Manifesta o Sr. Alcalde que o seu grupo vai votar a favor, en solidariedade cos afectados.  
Manifesta o Sr. Mosquera que vaise abster, pero non por non compartir a preocupación que se pon de manifesto na moción, senón por considerar estéril que se poida plantexar dende este Pleno, xa que a afectación a este concello é mínima e as posturas dende os gobernos central e autonómico son ben coñecidas.

Sinala o Sr. Alcalde que coincide coa apreciación do Sr. Mosquera de que pouco pode facer este Pleno, pero o voto a favor é por solidariedade política e porque a moción atañe a Galicia.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o asunto a votación, co seguinte resultado: seis votos a favor, correspondentes aos Sres. concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e do BNG, e unha abstención, correspondente ao Sr. concelleiro do PP.

## 5. MOCIÓN.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, engade o Sr. Alcalde que onte entrou un escrito do SINDICATO LABREGO GALEGO - COMISSIONS LABREGAS dirixido a todos os grupos políticos municipais, do que achega copia a todos os concelleiros co fin de acadar unha moción conxunta para a vindeira sesión.

Os concelleiros quedan enterados.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

## 6. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (DO 266 AO 384 DO ANO 2022).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

RELACION DECRETOS DO NÚM. 266 AO 384 DO ANO 2022			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
266	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	01/08/2022
267	Economía e facenda	Execucion do gasto	02/08/2022
268	Organización e funcionamento	Convocatoria Sesión Plenaria Ordinaria núm. 5 do 05/08/2022	02/08/2022
269	Servizos sociais	Alta usuario SAF	03/08/2022
270	Obras e urbanismo	Adxudicación contrato subministro equipamento asistencial servizos sociais POS + ADICIONAL 1/2022	04/08/2022
271	Padrón Municipal de	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de	05/08/2022



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000006

RELACION DECRETOS DO NÚM. 266 AO 384 DO ANO 2022			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
	Habitantes	Habitantes	
272	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	05/08/2022
273	Obras e urbanismo	Nomeamento membros mesa contratación obra C05/2022. Camiño da Fonte a Pereiruga - Límite Frades	05/08/2022
274	Persoal	Cese funcionaria interina administrativa por incorporación da titular	05/08/2022
275	Obras e urbanismo	Aprobación certificación segunda obra Novo depósito en Cumbraos	09/08/2022
276	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	09/08/2022
277	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	09/08/2022
278	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	09/08/2022
279	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	09/08/2022
280	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local núm 18/2022 do 11/08/2022	09/08/2022
281	Persoal	Declaración de excedencia voluntaria por interese particular	10/08/2022
282	Persoal	Aprobación reorganización lista ordeada da bolsa de emprego funcionario interino admvo	10/08/2022
283	Economía e facenda	Execución do gasto 11/08/2022	11/08/2022
284	Obras e urbanismo	Aprobación expediente contratación obra C07/2022 Camiño de Cabruí a Límite Bascoi. POS+2022	11/08/2022
285	Axudas veciñais	Concesión axuda nacemento filla Yaiza o día 25/01/2022	11/08/2022
286	Intervención e facenda municipal	Aprobación Padrón Auga Municipal Primeiro trimestre 2022	11/08/2022
287	Economía e facenda	Execución do gasto 12/08/2022	12/08/2022
288	Economía e facenda	Execución do gasto 12/08/2022	12/08/2022
289	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	12/08/2022
290	Obras e urbanismo	Autorización enganche rede de abastecemento municipal de auga	16/08/2022
291	Obras e urbanismo	Autorización enganche rede de abastecemento municipal de auga	16/08/2022
292	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	16/08/2022
293	Obras e urbanismo	Declaración de ineficacia comunicación previa de actividade para centro de acopio de materiais de construción	16/08/2022
294	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	18/08/2022
295		Nomeamento funcionaria interina admvo C1	18/08/2022



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000006

RELACION DECRETOS DO NÚM. 266 AO 384 DO ANO 2022			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
296	Obras e urbanismo	Adxudicación obra Camiño Fonte a Pereiruga - Límite Frades. PMC 2022-2023	18/08/2022
297	Obras e urbanismo	Adxudicación contrato menor servizo control de calidade obra Camiño Fonte a Pereiruga - Límite Frades, PMC 2022-2023	18/08/2022
298	Economía e facenda	Liquidación SAF mes xuño	22/08/2022
299	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	23/08/2022
300	Obras e urbanismo	Adxudicación contrato menor obra Camiño a Casanova - Cabrui. POS + 2022	23/08/2022
301	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	23/08/2022
302	Obras e urbanismo	Corrección erro material Decreto 300/2022	23/08/2022
303	Obras e urbanismo	Adxudicación contrato menor obra Camiño na Tieira (Cabrui) e outro. POS+2022	23/08/2022
304	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local núm. 19 do 25/08/2022	23/08/2022
305	Subvencións	Acordo solicitude subvención Plan de corresponsabilidade ano 2022	24/08/2022
306	Economía e facenda	Execución do gasto 29/08/2022	29/08/2022
307	Obras e urbanismo	Resolución contrato menor obra Camiño na Tieira (Cabrui) e outro. POS+2022	30/08/2022
308	Obras e urbanismo	Resolución contrato menor obra Camiño a Casanova - Cabrui. POS + 2022	30/08/2022
309	Obras e urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	30/08/2022
310	Obras e urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	30/08/2022
311	Obras e urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	30/08/2022
312	Obras e urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	30/08/2022
313	Obras e urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	30/08/2022
314	Obras e urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	30/08/2022
315	Obras e urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	30/08/2022
316	Economía e facenda	Execución do gasto 30/08/2022, Nómias mes agosto	30/08/2022
317	Servizos sociais	Alta usuario SAF	30/08/2022
318	Obras e urbanismo	Prórroga prazo execución obra Novo depósito rede de abastecemento en Cumbraos	30/08/2022
319	Facenda municipal	Aprobación cambio titular contrato auga municipal	31/08/2022
320	Facenda municipal	Aprobación cambio titular contrato auga municipal	31/08/2022
321	Facenda municipal	Aprobación cambio titular contrato auga municipal	31/08/2022

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000006

RELACION DECRETOS DO NÚM. 266 AO 384 DO ANO 2022			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
322	Facenda municipal	Aprobación cambio titular contrato auga municipal	31/08/2022
323	Facenda municipal	Aprobación cambio titular contrato auga municipal	31/08/2022
324	Facenda municipal	Aprobación cambio titular contrato auga municipal	31/08/2022
325	Facenda municipal	Aprobación cambio titular contrato auga municipal	31/08/2022
326	Facenda municipal	Aprobación cambio titular contrato auga municipal	01/09/2022
327	Economía e facenda	Execución do gasto 01/09/2022	01/09/2022
328	Facenda municipal	Aprobación cambio titular contrato auga municipal	01/09/2022
329	Obras e urbanismo	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	01/09/2022
330	Economía e facenda	Liquidación SAF xullo	01/09/2022
331	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar de axuda no fogar	01/09/2022
332	Axudas veciñais	Concesión subvención nominativa Visantoña Club de Fútbol	01/09/2022
333	Axudas veciñais	Concesión subvención nominativa Club Deportivo Mesía	01/09/2022
334	Economía e facenda	Execución do gasto 02/09/2022	02/09/2022
335		Sin contido	02/09/2022
336	Obras e urbanismo	Declaración resolución contrato menor obra Camiño a Casanova - Cabrui. POS + 2022	02/09/2022
337	Obras e urbanismo	Declaración resolución contrato menor obra Camiño na Tieira (Cabrui) e outro. POS+2022	02/09/2022
338	Economía e facenda	Execucion do gasto 05/09/2022	05/09/2022
339	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	06/09/2022
340	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 20/2022 do 08/09/2022	06/09/2022
341	Padrón Municipal de Habitantes	Baixas por caducidade no Padrón Municipal de Habitantes	07/09/2022
342	Obras e urbanismo	Certificación 3 obra Novo depósito rede de abastecemento	08/09/2022
343	Economía e facenda	Execución do gasto 09/09/2022. Diferencias nóminas agosto Carmen Blanco Villares	09/09/2022
344	Padrón Municipal de Habitantes	Cambio de domicilio no Padrón Municipal de Habitantes	13/09/2022
345	Padrón Municipal de Habitantes	Cambio de domicilio no Padrón Municipal de Habitantes	13/09/2022
346	Subvencións	Aprobación conta xustificativa subvención Cultura no Camiño ano 2022	14/09/2022
347	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local extraordinaria núm. 21 do 15/09/2022	14/09/2022
348	Servizos sociais	Aprobación admisión usuario PAI curso 2022/2023	14/09/2022
349	Padrón Municipal de Habitantes	Alta cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	15/09/2022
350	Organización e funcionamento	Execución do gasto 19/09/2022	19/09/2022

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000006

RELACION DECRETOS DO NÚM. 266 AO 384 DO ANO 2022			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
351		Aceptación execución obras e compromisos. Camiño Guitiriz a Ribeira (Visantoña). Plan de Infraestruturas Rurais 2022	19/09/2022
352	Organización e funcionamento	Execución do gasto 19/09/2022	19/09/2022
353		Aprobación concesión enganche á rede de abastecemento de auga potable	20/09/2022
354		Aprobación concesión enganche á rede de abastecemento de auga potable	20/09/2022
355	Organización e funcionamento	Execución do gasto 20/09/2022	20/09/2022
356		Convocatoria Xunta de Goberno Local Ordinaria núm. 22/2022 do 22/09/2022	20/09/2022
357	Servizos sociais	Alta usuario SAF	21/09/2022
358	Organización e funcionamento	Aprobación liquidación servizos prestados PAI mes xullo	21/09/2022
359	Servizos sociais	Alta usuario SAF	21/09/2022
360		Aprobación proxecto modificado Camiño na Casanova (Cabruí) POS+2022	21/09/2022
361	Intervención e facenda	XC 10/2022, Axuda programa verbenas.	21/09/2022
362	Obras e urbanismo	Aprobación concesión enganche á rede de abastecemento auga municipal	22/09/2022
363	Obras e urbanismo	Aprobación concesión enganche á rede de abastecemento auga municipal	22/09/2022
364	Obras e urbanismo	Acordo non división lotes proxectos modificados POS+2022	22/09/2022
365	Servizos sociais	Baixa usuario SAF	22/09/2022
366	Obras e urbanismo	Adxudicación obra C07/2022 Camiño Cabruí límite Bascoi e outro. POS + 2022	22/09/2022
367	Obras e urbanismo	Aprobación proxecto modificado Camiño na Tieira (Cabruí) POS+2022	22/09/2022
368	Organización e funcionamento	Execución do gasto 23/09/2022	23/09/2022
369	Padrón Municipal de Habitantes	Alta cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	23/09/2022
370	Intervención e facenda	XC 11/2022, Subvención Xunta Incendios. Diferencias entre presupostado e concedido	23/09/2022
371	Axudas veciñais	Aprobación bases e convocatoria axudas transporte escolar alumnado curso 2022/2023	23/09/2022
372	Obras e urbanismo	Adxudicación contrato menor subministro equipamento podolóxico. POS+Adicional 1/2022	23/09/2022
373	Axudas veciñais	Aprobación bases e convocatoria axudas equipamento informático alumnado curso 2022/2023	23/09/2022
374	Economía e facenda	Execución do gasto 26/09/22, Asistencias plenarias e XGL 3T 2022	26/09/2022
375	Padrón Municipal de	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de	26/09/2022

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



RELACION DECRETOS DO NÚM. 266 AO 384 DO ANO 2022			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
	Habitantes	Habitantes	
376	Servizos sociais	Modificación intensidade SAF a usuario	27/09/2022
377	Subvencións	Acordo solicitude subvención aedl 2022	28/09/2022
378	Economía e facenda	Execución do gasto 29/09/2022	29/09/2022
379	Economía e facenda	Liquidación SAF mes agosto	29/09/2022
380	Obras e urbanismo	Adxudicación contrato menor servizos Clases ximnasia-pilates curso 2022/2023	30/09/2022
381	Obras e urbanismo	Adxudicación contrato menor servizos Clases de música e baile curso 2022/2023	30/09/2022
382	Obras e urbanismo	Adxudicación contrato menor servizos Espazo das familias curso 2022/2023	30/09/2022
383	Servizos sociais	Baixa usuario SAF	30/09/2022
384	Servizos sociais	Alta usuario SAF	30/09/2022

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

## 7. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 29 DE XULLO, 11 DE AGOSTO, 25 DE AGOSTO, 8 DE SETEMBRO E 15 DE SETEMBRO DE 2022.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno. Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

## 8. ROGOS E PREGUNTAS.

Di o Sr. Alcalde que vai contestar a unha pregunta presentada hoxe pola Sra. Louro e que, de seguido, se transcribe:

*“En primeiro lugar , queremos agradecerlle ao Concello e a Cooperativa Árbore, os traballos que se están a realizar pola recuperación do castelo de Mesía .*

*Unha labor que viña sendo necesaria desde o noso xeito de ver, dende xa fai moitos anos. Esta Fortaleza está declarada BIC dende fai 30 anos.*

*A esperanza de recuperar o noso patrimonio arqueolóxico, parece que colle camiño, moitas grazas.*

*E oxalá este camiño siga adiante para, como din, o rendemento sociocultural, e a difusión e o coñecemento público de tal patrimonio.*

*Por eso, e para aclarar dúbidas e que así conte,queremos preguntar:*

*- Como se financia este proxecto e futuras intervencións*

*- Que pasos teñen pensado seguir para levar adiante, non só para o coñecemento público do noso patrimonio, se non tamén para a súa conservación durante o tempo, e que non volva a quedar oculto pola maleza.”*



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000006

Manifesta o Sr. Alcalde que agradece que se vexa ben a actuación, pero que non é o primeiro proxecto que se fai no castelo. Agader iba a financiar un proxecto para humanizar o entorno do castelo pero non se obtivo o permiso de Patrimonio. Calquer actuación que se faga necesita dous requisitos, financiación e autorización de Patrimonio. Esta actuación fíxose con moito traballo e compromiso tanto por parte do Concello como por parte de Árbore, e puxo de manifesto o valor arqueolóxico e patrimonial do castelo, e tamén que se poden facer cousas sen grandes orzamentos. Cando Árbore elabore un novo proxecto e se obteña permiso de Patrimonio, pedirase a correspondente subvención, e se non fora suficiente, poderían achegarse medios propios.

Pregunta o Sr. Mosquera sobre datos de licenzas de taxi, se dan un servizo real e se hai posibilidade de outorgar algunha nova. Resposta o Sr. Alcalde que contestará na vindeira sesión.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,  
O alcalde,  
D. Mariano Iglesias Castro.